

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 2 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso nas categorías de odontólogo/a de atención primaria e pediatra de atención primaria, convocado pola Resolución do 22 de decembro de 2016.

A base décima da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 22 de decembro de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 7, do 11 de xaneiro de 2017) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de odontólogo/a de atención primaria e pediatra de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, establece que, unha vez adxudicados os destinos, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino a aqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

De conformidade coa antedita base e co artigo 4 da Orde do 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* núm. 139, do 20 de xullo), esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar finalizado o concurso-oposición para o ingreso nas categorías de odontólogo/a de atención primaria e pediatra de atención primaria, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 22 de decembro de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 7, do 11 de xaneiro de 2017).

Segundo. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, nas categorías anteriormente indicadas, os/as aspirantes seleccionados/as que se inclúen no anexo desta resolución.

Terceiro. Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo.



Cuarto. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada.

De conformidade coa base décima da resolución de convocatoria do proceso, a toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión a que pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo. No entanto, en casos de forza maior e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión.

Quinto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO
Relación definitiva de adxudicatarios/as e destinos

DNI	Apelidos e nome	Destino adxudicado		Quenda	Localidade
Odontólogo/a de Atención Primaria					
*929A	Cerdeira Gregorio, Francisco	47800783	EOXI de Vigo	O Porriño	Desprazable Porriño, O
*528W	De Alonso Álvarez, Olga	38200781	EOXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	O Barco-A Rúa	Mañá Barco de Valdeorras, O
*282G	Fernández Rielo, Rosa María	16800781	EOXI de A Coruña	Cee	Mañá Cee
*282K	García Vilar, Iria	9300781	EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	Becerreá-A Fonsagrada	Mañá Becerreá
*182P	Guldrís Vázquez, Ana	58000781	EOXI de Vigo	Tui	Mañá Tui
*061M	Leira Abella, María Carmen	42300781	EOXI de Ferrol	Ortigueira	Mañá Ortigueira
*126N	Marmor Anuchnik, Viviana	49300781	EOXI de Vigo	Redondela	Mañá Redondela
*302Y	Mohedano Mira, María de los Angeles	58600782	EOXI de Vigo	Val Miñor	Tarde Nigrán
*467R	Prieto Regueiro, Beatriz Josefa	49800781	EOXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Ribadavia	Mañá Ribadavia
*393D	Raposo González, Blanca	56500782	EOXI de Vigo	Teis	Tarde Vigo
*546X	Rubiños López, Emilio José	63100781	EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	Viveiro	Mañá Viveiro
*043C	Ruiz Eguizabal, María Jesús	60900782	EOXI de Pontevedra e O Salnés	Vilagarcía de Arousa	Tarde Vilagarcía de Arousa
*573Z	Sampedro Díaz, Rocío	35800782	EOXI de Ferrol	Narón	Tarde Narón
*640X	Sánchez Julián, Ana	7100781	EOXI de Ferrol	As Pontes	Mañá Pontes de García Rodríguez, As
*685K	Tarrío Barral, Juan José	47800783	EOXI de Vigo	O Porriño	Desprazable Porriño, O
Pediatra de Atención Primaria					
*721T	Arias Álvarez, Sonia	6700671	EOXI de Santiago de Compostela	Arzúa-Boimorto	Mañá Arzúa
*306A	Diz-Lois Palomares, Cristina	13000671	EOXI de A Coruña	Camariñas	Mañá Camariñas
*972Z	García Cendón, Clara	57000673	EOXI de Vigo	Tomíño	Desprazable Tomíño



DNI	Apelidos e nome	Destino adjudicado			Quenda	Localidade
*137F	García Sánchez, Natalia	45900671	EOXI de Pontevedra e O Salnés	Poio	Mañá	Poio
*274V	Lago Mandado, Patricia	86800671	EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	Burela-Xove	Mañá	Burela
*618P	León Muiños, Elvira	47300671	EOXI de Ferrol	Pontedeume-Cabanas-Monfero	Mañá	Pontedeume
*022C	Muiño Vidal, Marta	26900671	EOXI de Santiago de Compostela	Lalín-Rodeiro-Agolada	Mañá	Lalín
*211Y	Otero Suárez, Iria	41200673	EOXI de A Coruña	Oleiros-Perillo	Desprazable	Oleiros
*511B	Pérez Mourellos, Belén	2400672	EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	A Milagrosa	Tarde	Lugo
*848V	Vior Álvarez, María Paz	87400671	EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	Viveiro-Ourol-O Vicedo	Mañá	Viveiro

* O número do DNI dos/das profesionais relacionados/as amósase cifrado en protección dos datos de carácter persoal.